

CONSTITUCIÓN DE 1869

“A Nación Española e no seu nome as Cortes Constituíntes elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade e prover o ben de cantos vivan en España, decretan e sancionan (...)

Art. 2º. Ningún español nin estranxeiro poderá ser detido nin preso senón por causa de delito.

Art. 3º. Todo detido será posto en liberdade ou entregado á autoridade xudicial dentro das vinte e catro horas seguintes ao acto da súa detención (...)

Art. 4º. Ningún español poderá ser preso senón en virtude de mandamento de xuíz competente (...)

Art. 21. A Nación obrígase a manter o culto e os ministros da relixión católica. O exercicio público ou privado de calquera outro culto queda garantido a todos os estranxeiros residentes en España, sen máis limitacións que as regras universais da moral e do dereito. Si algúns españois profesaren outra relixión que a católica, é aplicable aos mesmos todo o disposto no parágrafo anterior.

Art. 26. A ningún español que estea no pleno goce dos seus dereitos civís poderá impedirse saír libremente do territorio, nin trasladar a súa residencia e haberes a país estranxeiro, salvo as obrigacións de contribuír ao servizo militar ou ao mantemento das cargas públicas.

Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanan todos os poderes.

Art. 33. A forma de Goberno da Nación española é a Monarquía.

Art. 34. A potestade de facer as leis reside nas Cortes.(..)

Art. 35. O poder executivo reside no Rei, que o exerce por medio dos seus ministros.

Art. 36. Os Tribunais exercen o poder xudicial.

COMENTARIO DE TEXTO

Estamos ante a constitución española de 1869, fonte primaria, un texto de natureza xurídica.

Esta constitución foi elaborada e promulgada polas Cortes Constituíntes convocadas polo Goberno Provisional liderado polo progresista Prim e o unionista Serrano trala revolución “A Gloriosa”, en setembro de 1868, que acabou coa monarquía de Isabel II. Foron as primeiras Cortes elixidas por sufraxio universal masculino (varóns maiores de 25 anos).

A revolución de setembro de 1868, “A Gloriosa”, aglutinou a un número de xenerais de talante progresista: Prim, Serrano, e ata a membros da Armada, como o xeneral Topete, que ao mando da escuadra concentrada na baía de Cádiz sublevouse. A sublevación estendeuse rapidamente por moitas cidades españolas que constituíron Xuntas Revolucionarias que organizaron a rebelión e lanzaron un chamamento ao pobo. Ao goberno e a Coroa só lles apoiaban unha pequena camarilla e unha parte de tropas fieis que foron derrotadas en Alcolea, o que obrigou á dimisión do goberno e o exilio de Isabel II cara a Francia o 29 de setembro de 1868. Esta revolución quixo poñer fin a medio século de dominio moderado con algún período progresista, alternancia case sempre violenta e sen ningunha mellora para o pobo e os grupos máis desfavorecidos. A revolución do 68 inicia o que se chama o “Sexenio Democrático”, cuxa primeira consecuencia é o derrocamento de Isabel II como reina de España. Serán seis anos de experiencia democrática aínda que de axitada vida

política. Trátase dunha constitución claramente liberal e democrática, cun réxime de liberdades moi amplo, si se compara con outras europeas da mesma época.

No encabezamento afirma a idea de Soberanía Nacional asociada ás Cortes (poder legislativo), igualmente exprésase o seu carácter constituínte (foron convocadas Cortes extraordinarias, co fin de elaborar esta constitución) e a natureza da súa convocatoria: elixidas por sufraxio universal (varóns maiores de 25 anos) que mostra a conquista dos sectores máis progresistas do arco parlamentario, e con respecto ás anteriores sistemas electorais que se baseaban no sufraxio censatario.

Nos primeiros artigos (2º, 3º e 4º e tamén o 26) garántense os dereitos de todos os españois, nunha amplísima declaración de dereitos, incluíndo dereitos de tipo procesal e penal: (a presunción de inocencia, o mandamento xudicial, a liberdade de residencia...) abolindo actuacións sobre as que o autoritarismo arbitrario sempre se apoiou.

No artigo 21º Soluciónase uns dos debates que marcaron as constitucións anteriores sobre a cuestión relixiosa. Satisfanse as peticións dos sectores moderados (mantemento do culto e o clero), como dos sectores máis progresistas (liberdade de culto e o seu exercicio público).

Os artigos 32 a 36 expresan o sistema político que emana da Constitución:

- Proclámase a soberanía nacional e confírmase o sufraxio universal masculino.
- O poder legislativo reside nas Cortes e o rei só as sancionaba ou as promulgaba. O legislativo era bicameral (Congreso e Senado). Establécese como sistema de goberno a monarquía parlamentaria. Ao rei correspóndelle o poder executivo e a facultade de disolver as Cortes, pero só exercía o seu poder por medio dos seus ministros.
- Proclámase a independencia do poder xudicial, creando por primeira vez un sistema de oposicións a xuíz que acababa co nomeamento destes polo goberno e restablecíase o xuízo por xurado.

A Constitución de 1869 e o novo sistema político, consolidaron os principios liberais e democráticos, a importancia do sentido democrático reflíctese na importancia que se dá á garantías xurídicas que se mostran outorgándolles os primeiros artigos da constitución, así como o modelo de monarquía constitucional verdadeiramente liberal. Pero doutra banda frustráronse algunhas das aspiracións doutros grupos políticos, en especial moitas das reivindicacións de carácter popular. O modelo de sociedade quedou intacto, campesiños, xornaleiros ou traballadores de fábricas, non viron mellorar a súa situación. A penetración e a expansión das ideas internacionalistas a partir de 1868 e a expansión do anarquismo e o socialismo abriron unha nova etapa na organización do proletariado e do campesiñado.

A Constitución de 1869 foi ata a de 1931 (Segunda República), a máis avanzada e democrática das que se fixeron en España. Foi o primeiro intento, errado de democratizar España.